Programación adaptada ao 3º trimestre do curso 2019-2020

CICLO FORMATIVO grao superior: EDUCACIÓN INFANTIL

Módulo: Desenvolvemento Cognitivo e Motor

Índice

1. Identificación da programación 2

2. Criterios de cualificación e mínimos exixibles 2

3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas 4

3.1 Actividades de recuperación 4

3.2 Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD) 4

4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado 5

5. Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo 5

1. Identificación da programación

Centro educativo					
Código	**Centro**		**Concello**		**Ano académico**
15016000	Compostela		Santiago de Compostela		2019/2020
Ciclo formativo					
Código da familia profesional	**Familia profesional**	**Código do ciclo formativo**	**Ciclo formativo**	**Grao**	**Réxime**
SSC	Servizos Socioculturais e á Comunidade	CSSSC01	Educación Infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral ordinario

Código MP/UF	**Nome**	**Curso**	**Sesións semanais**	**Horas anuais**	**Sesións anuais**
MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor	2019/2020	7	213	213

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL ÁNGEL TABOADA FERNÁNDEZ

2. Criterios de cualificación e mínimos exixibles

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo de Desenvolvemento Cognitivo e Motor evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe traballados ata o 13 de marzo de 2020, dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver.

Os mínimos para este módulo, deberán acadar os logros indicados nos criterios de avaliación mínimos para cada unidade didáctica desenvolvida ao longo do curso académico ata o 13 de marzo de 2020, empregando os instrumentos de avaliación descritos na presente programación:

RA1. Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito sensorial, analizando as teorías explicativas e as características específicas do grupo a que vai dirixido.

CA1.1. Identificáronse as teorías explicativas do ámbito sensorial.

CA1.2. Identificáronse as características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade.

CA1.3. Identificáronse as principais alteracións e os trastornos do desenvolvemento sensorial.

CA1.4. Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e organizáronse os espazos adecuados ás características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade.

CA1.5. Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias, en función da súa idade.

CA1.7. Valorouse a importancia da intervención no ámbito sensorial como medio para favorecer a exploración do contorno por parte do cativo e da cativa.

CA1.8. Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.

CA1.9. Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeito dos distintos espazos, materiais, TICs e tempos.

CA1.10. Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

RA2. Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito motor en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixe.

CA2.1. Identificáronse as características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.

CA2.2. Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e organizáronse os espazos adaptados ás características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.

CA2.3. Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.

CA2.5. Valorouse a importancia do desenvolvemento motor na adquisición da autonomía persoal.

RA6. Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor, argumenta as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.

CA6.1. Seleccionáronse os indicadores de avaliación.

CA6.2. Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado para as características individuais e para a idade do neno ou da nena.

CA6.3. Aplicouse o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.

CA6.4. Rexistráronse no soporte establecido os datos extraídos do proceso de avaliación.

CA6.5. Interpretouse a información recollida do proceso de avaliación da intervención.

CA6.7. Identificáronse as causas dunha intervención non adecuada.

CA6.8. Adecuouse á pauta prevista a actuación e a actitude da persoa profesional.

"Alteracións que afectan ao desenvolvemento motor" da UD 2 e as UD3 e UD4.

Non foron desenvolvidas ata o 13 de marzo de 2020, polo que non serán tidas en conta para a avaliación do módulo, no presente curso 2019-2020.

Estes mínimos serán a referencia para configurar as probas de recuperación das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua (PD) e guiarán o procedemento de avaliación ordinaria do módulo.

No módulo de Desenvolvemento Cognitivo e Motor levouse a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno ou alumna que proporcionou información sobre a marcha da aprendizaxe.

- Para os contidos conceptuais: realizarase a través de probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento; así como test, casos prácticos... nos que os/as alumnos/as reflectirán tanto os seus coñecementos de tipo teórico coma práctico. No caso de ter varias probas será a media aritmética das cualificacións obtidas a que nos dará a cualificación final. En todo caso a cualificación deberá ser igual ou superior a 5, excepcionalmente se terá en conta unha cualificación inferior a 5 (e nunca igual ou inferior a 3, o que suporía unha cualificación negativa nese trimestre), se a cualificación obtida nos contidos procedimentais e actitudinais é igual ou superior a 5 e se a media aritmética entre as cualificacións de conceptos procedemento e actitudes é igual ou superior a 5.

  Suporán un 60% da cualificación final. En caso de darse a circunstancia de non realizarse proba escrita e/ou oral algunha, este 60% da cualificación será tido en conta no apartado correspondente a procedementos.

- Para os contidos procedimentais: as actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo, de ser o caso; traballos individuais e de grupo nos que se valora a estrutura e

dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedimentais recollidos nos criterios de avaliación do módulo.

Suporán un 30 % da cualificación do módulo; no caso de ter varias probas, farase a media aritmética das puntuacións obtidas; de non ter a unidade actividades destas características este 30% será tido en conta no apartado anterior (probas escritas e/ou orais). Aqueles traballos/actividades non entregados obterán unha cualificación de 0 puntos e fará media para a cualificación final. Queda a criterio do docente cualificar aos distintos membros do grupo cunha cualificación diferente se estima que a súa implicación e aproveitamento foi insuficiente, nalgún caso.

- Para os contidos actitudinais: formarán parte da cualificación actitudinal ademais a presentación e o interese/traballo en equipo, a puntualidade, á asistencia ás clases (tal e como establece a norma), unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma os compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 10% da cualificación final.

3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Para a recuperación das partes non superadas polo alumnado, revisada a programación e comprobados os RA e CA non superados polo alumnado, dáse unha única casuística de recuperación: alumnado con partes pendentes de recuperación correspondentes a CAs da unidade didáctica 1.

Establécense, por tanto, as actividades de recuperación e probas correspondentes para este alumando.

3.1 Actividades de recuperación

As actividades de recuperación, realizaranse con apoio da Aula Virtual do CIFP Compostela e, con este grupo de alumnado e módulo, consistirán en:

- **Proba específica 1**: Proba escrita consistente na resolución de diferentes cuestións de redacción aberta relacionadas cos contidos da materia pendentes de recuperación.
- **Proba específica 2**: Elaboración do documento escrito: “Guía de estimulación sensorial para pais/nais”. Documento que estará baseado na orientación para pais/nais en relación á estimulación sensorial para bebés.
- **Proba específica 3**: Deseño de serie de actividades en torno ao desenvolvemento sensorial na infancia segundo tramo de idade (determinado polo docente) e centradas en: estimulación visual, estimulación auditiva e estimulación multisensorial.

Estas actividades de recuperación serán realizadas de xeito individual e entregadas en tempo e forma. Aspectos que serán informados con antelación polo docente e publicados na aula virtual (mínimo 15 días de antelación).
O peso porcentual, na cualificación final, das tres probas específicas é: 40% Proba Específica 1, 30% Proba Especifica 2 e 30% Proba Especifica 3. Sendo necesario realizar todas as probas.

3.2 Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD)

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá na resolución de diferentes supostos teórico-prácticos relacionados cos Resultados de

Aprendizaxe e Criterios de Avaliación do módulo de Desenvolvemento Cognitivo e Motor, e desenvolvidos durante o 1º e 2º trimestre do presente curso académico. Consistente en :

Primeira parte da proba, Parte Teórica: Proba consistente en preguntas a desenvolver, sendo a puntuación máxima para este primeira parte dun 40% da cualificación final.

Segunda parte da proba, Parte Práctica: A proba consistirá en varios supostos prácticos debidamente contextualizados, con instrucións para desenvolver e centrados en:

a- Elaboración de guía de estimulación sensorial de orientación para pais/nais. Puntuación máxima un 15% da cualificación final.

b- Deseño de actividades dirixidas ao desenvolvemento sensorial e desenvolvemento motor. Puntuación 15% da cualificación final.

c- Elaboración dun panel informativo para familias sobre factores e leis que determinan o desenvolvemento motor. Esquema dos fitos motores na infancia. Escolma de actividades dirixidas a favorecer o desenvolvemento motor na infancia. Aplicación dun instrumento de observación do desenvolvemento motor. Puntuación 30% da cualificación final

Por tanto, o peso porcentual das probas será: Parte Teórica: 40%, Parte Práctica a) 15%, Parte Práctica b) 15%, Parte Práctica c) 30%

Para aprobar o módulo é condición imprescindible realizar tanto a parte teórica como a práctica.

4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado

Como medidas de reforzo, repaso e ampliación establécense (unha vez confirmadas as posibilidades de comunicación / conexión con todo o grupo clase) como vías intercambio un “Foro de dúbidas” na Aula Virtual do CIFP Compostela para aclaración de dúbidas, consultas e suxestións, un “Foro de Novidades” para información sobre actividades planificadas de xeito semanal e novidades/informacións referidas ao módulo; así como, titorías semanais os martes de 10.00 h.- 13.00. h. (con posibilidade de videoconferencia se é necesario).

Engádense novo soporte referido estas medidas de reforzo, repaso e ampliación, que poida facilitar a súa comprensión e flexibilizase; ante a diversidade do grupo, o carácter optativo dalgunha tarefa.

5. Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo

Tal e como establece a lexislación vixente *ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial*, no seu artigo 28, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizou unha sesión de avaliación inicial, esta sesión e o carácter continuo da avaliación permitiu a adopción das medidas oportunas e axustadas ao perfil do alumando; detectándose necesidades especiais de atención que se tiveron en conta á hora de dotar dos medios necesarios para o seguimento da materia, así como, a flexibilización en tempos de realización ou entrega.

Neste momento, e tal e como e como se indicou no apartado anterior, a medida de atención ante a diversidade do grupo é o carácter optativo dalgunha tarefa.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2020.

Asdo.: Manuel Ángel Taboada Fernández.

CIFP COMPOSTELA
TLF 881 866 570 FAX 881 866 586
http://www.cifpcompostela.edu.es
cifp.compostela@edu.xunta.es

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Cofinanciado por el programa Erasmus + de la Unión Europea